

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

1949 *Real decreto 109/2015, do 20 de febreiro, de modificación do Real decreto 2188/1995, do 28 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de control interno exercido pola Intervención Xeral da Administración do Estado.*

O Real decreto 2188/1995, do 28 de decembro, constitúe o desenvolvemento básico dos preceptos da Lei xeral orzamentaria en materia de función interventora e de control financeiro.

Determinadas reformas normativas operadas desde a súa aprobación e que afectan o contido dalgúns dos seus preceptos xustifican por si soas e motivan a necesidade das modificacións que se propoñen, sen prexuízo da incorporación doutras derivadas da experiencia adquirida no exercicio das funcións de control.

Entre as reformas legislativas de alcance xeral habidas no noso ordenamento e con incidencia no contido dalgúns preceptos do Real decreto 2188/1995 está a aprobación da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. O título II da Lei 19/2013 inclúe un réxime sancionador, que se estrutura en tres ámbitos –infraccións en materia de conflito de intereses, en materia de xestión económico-orzamentaria e no ámbito disciplinario– e determina, así mesmo, o procedemento que se debe seguir e os órganos competentes tanto para a imposición da sanción que en cada caso corresponda como para a instrución do procedemento e, de ser o caso, comunicación ao Tribunal de Contas por se proceder a incoación do oportuno procedemento de responsabilidade contable. A reforma que se propón no artigo 4.2 incorpora o disposto na Lei 19/2013.

En segundo lugar, tras a aprobación do Real decreto 686/2005, do 10 de xuño, polo que se modificou o Real decreto 2188/1995, do 28 de decembro, que permitiu, desde a súa entrada en vigor no ano 2005, a tramitación dos documentos electrónicos constitutivos do expediente para efectos do exercicio da fiscalización por medios electrónicos, requírese adecuar o seu contido ás posteriores normas aprobadas en materia de Administración electrónica, constituídas principalmente e, entre outras, pola Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e o desenvolvemento posterior desa lei a través, fundamentalmente, do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007.

Pola súa parte, a experiencia adquirida pola Intervención Xeral no proceso de designación de representantes da Intervención Xeral da Administración do Estado para acudir aos actos de comprobación material dos investimentos, asistidos, de ser o caso, polos asesores designados, puxeron de manifesto a necesidade de revisar algúns aspectos da regulación contida no artigo 28 do Real decreto 2188/1995.

En virtude do sinalado, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de febreiro de 2015,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 2188/1995, do 28 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de control interno exercido pola Intervención Xeral da Administración do Estado.*

O Real decreto 2188/1995, do 28 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de control interno exercido pola Intervención Xeral da Administración do Estado, modifícase nos seguintes termos:

Un. Dáse nova redacción ao número 2 do artigo 4, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. Cando na práctica dun control, o interventor actuante aprecie que os feitos acreditados ou comprobados poden ser susceptibles de constituír unha infracción administrativa, ou dar lugar á existencia de responsabilidades contables ou penais, actuará de acordo coas regras que se establecen a continuación:

a) Cando os feitos poidan ser constitutivos de delito, dará traslado das actuacións á Intervención Xeral da Administración do Estado, a cal remitirá o actuado ao órgano competente.

b) No caso de posibles infraccións en materia de xestión económico-orzamentaria das previstas na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que, non sendo constitutivas de delito, afecten presuntos responsables comprendidos no ámbito de aplicación da citada lei, dará traslado das actuacións á Oficina de Conflictos de Intereses.

c) Nas restantes infraccións en materia de responsabilidade contable non comprendidas na alínea b) anterior observárase con carácter xeral o disposto no artigo 180, en relación co 177, da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

d) No caso doutras posibles infraccións administrativas distintas das anteriores, darase traslado dos feitos á subsecretaría do departamento correspondente e, de ser o caso, aos órganos competentes dos organismos públicos e das entidades do sector público estatal obxecto de control.

O interventor dará conta á Intervención Xeral dos informes remitidos ao Tribunal de Contas e ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, en aplicación do disposto na alínea c).

Para os efectos do disposto nas alíneas a), c) e d) deste número 2, o órgano de control actuante axustará a súa actuación á normativa específica e ás circulares e instrucións aprobadas pola Intervención Xeral da Administración do Estado.»

Dous. Modifícase o número 1 do artigo 13, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. A Intervención recibirá o expediente orixinal completo unha vez reunidos todos os xustificantes e emitidos os informes preceptivos e cando estea en disposición de que dite acordo quen corresponda, sen prexuízo do previsto no parágrafo terceiro do artigo 2.2 da Lei orgánica 3/1980, do 22 de abril, do Consello de Estado. Neste caso, a fiscalización, ademais de comprobar con anterioridade ao ditame do Consello de Estado os aspectos exixidos pola normativa vixente, con posterioridade a ese ditame unicamente constatará a súa existencia material e o seu carácter favorable.

Os documentos electrónicos que formen parte do expediente orixinal deberán incorporar as sinaturas electrónicas necesarias, que garantan a identificación do emisor, a súa autenticidade e a integridade e inalterabilidade do documento. Para tales efectos, a sinatura electrónica estará baseada en certificado electrónico dos previstos no artigo 13.2.a) e b) da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, para documentos asinados polo cidadán, e no artigo 21.a) e b) do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, para os documentos asinados polas administracións públicas, e axustarase ao disposto na política de sinatura electrónica e de certificados da Administración xeral do Estado, publicada mediante Resolución do 29 de novembro de 2012, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas. Os documentos administrativos poderán estar asinados mediante certificado de selo electrónico dos previstos no artigo 18.1.a) da Lei 11/2007, cando

sexa admisible de acordo coa normativa vixente. A súa remisión á Intervención efectuarase de acordo co previsto nos artigos 13 bis e 13 ter seguintes.»

Tres. Modifícase o artigo 13 bis, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 13 bis. *Remisión do expediente á Intervención a través de sistemas informáticos.*

1. Cando a proposta e o acto ou resolución obxecto de fiscalización ou intervención previa se formalicen en documento electrónico, o resultado da fiscalización ou intervención previa formalizárase igualmente en documento electrónico que incorporará a sinatura electrónica do interventor competente.

Neste caso, a sinatura electrónica estará baseada nun certificado electrónico dos previstos no artigo 21.a) e b) do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, para os documentos asinados polas administracións públicas, e axustarase igualmente ao disposto na política de sinatura electrónica e de certificados da Administración xeral do Estado, publicada mediante a Resolución do 29 de novembro de 2012, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas.

2. A posta do expediente á disposición da Intervención para a súa fiscalización ou intervención, así como a formalización do seu resultado en documento electrónico e a remisión posterior deste e do expediente, realizarase exclusivamente a través dalgún dos seguintes sistemas de información e comunicación:

a) Mediante a utilización dunha aplicación informática desenvolvida especificamente pola Intervención Xeral da Administración do Estado, en que o órgano xestor xera e tramita o expediente.

Esta aplicación informática deberá ser obxecto de aprobación mediante resolución da Intervención Xeral da Administración do Estado, que definirá os aspectos relativos a:

1. Legalidade da aplicación: adecuación do funcionamento da aplicación aos requisitos e trámites do procedemento;
2. Seguridade de aplicación: preservación da dispoñibilidade, confidencialidade e integridade dos datos tratados pola aplicación;
3. Normalización dos medios de acceso: especificacións técnicas sobre os medios e formatos de acceso;
4. Conservación dos soportes utilizados: proporción entre a durabilidade dos soportes e o tempo en que se deben manter os datos incluídos neles.

b) Mediante a utilización de unha aplicación informática desenvolvida especificamente pola Intervención Xeral da Administración do Estado para a citada finalidade, nos supostos en que o órgano xestor xere e tramite o expediente mediante sistemas e aplicacións propias.

Esta aplicación informática deberá ser obxecto de aprobación mediante resolución da Intervención Xeral da Administración do Estado nos mesmos termos establecidos no segundo parágrafo do artigo 13 bis.2.a) anterior.

Para facilitar a interoperabilidade deste sistema cos propios sistemas de xestión dos órganos xestores, a Intervención Xeral da Administración do Estado porá á súa disposición un servizo web específico, axustado ás normas técnicas de interoperabilidade ditadas en desenvolvemento do Real decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema nacional de interoperabilidade no ámbito da Administración electrónica, que permita a comunicación, para tal efecto, entre os ditos órganos xestores e o seu correspondente órgano de control.

3. O acceso e utilización polos órganos xestores das aplicacións desenvolvidas pola Intervención Xeral da Administración do Estado, incluídas nos modelos de funcionamento do punto 2.a) e b), deberá axustarse ao establecido nas

disposicións sobre política de seguridade dos sistemas de información e procedementos de control de accesos da propia Intervención Xeral da Administración do Estado, baseados no Esquema nacional de seguridade no ámbito da Administración electrónica, aprobado mediante o Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, e requirirá un certificado electrónico dos previstos no artigo 21.a) e b) do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, cando se trate de acceso persoal, ou dos previstos no artigo 19 do mesmo real decreto, cando o acceso se efectúe desde outro sistema.

4. Os formatos admitidos para os documentos electrónicos incluídos no expediente, así como os do seu encapsulamento, nos modelos de funcionamento do punto 2.a) e b) serán os que se establezan nas disposicións que aproben as respectivas aplicacións, e estarán dentro dos admitidos na norma técnica de interoperabilidade do catálogo de estándares.»

Catro. Dáse nova redacción ao artigo 28, que queda redactado como segue:

«Artigo 28. *Comprobación material do investimento.*

1. A intervención da comprobación material do investimento é a facultade da Intervención de verificar materialmente, antes do recoñecemento da obrigaición, a efectiva realización das obras, servizos e adquisicións financiados con fondos públicos e a súa adecuación ao contido do correspondente contrato ou encarga.

2. A intervención da comprobación material realizaraa o representante designado polo interventor xeral da Administración do Estado.

A designación polo interventor xeral dos funcionarios encargados de intervir na comprobación das prestacións ou servizos poderase facer tanto particularmente para un investimento determinado, como con carácter xeral e permanente para todas aquelas que afecten un ministerio, centro directivo, organismo ou provincia en que se realice a función, ou para a comprobación dun tipo ou clase de investimento.

3. A designación de representante da Intervención Xeral da Administración do Estado efectuarase entre funcionarios da Intervención, asesorados, cando sexa necesaria a posesión de coñecementos técnicos para realizar a comprobación material, por funcionarios dos corpos do Estado da especialidade a que corresponda a prestación ou servizo.

A designación do asesor efectuaraa o interventor xeral da Administración do Estado entre funcionarios que non interviñesen no proxecto, dirección, adxudicación, celebración ou execución do gasto correspondente e, sempre que sexa posible, dependentes de distinto ministerio, centro directivo ou organismo, daquel a que a comprobación se refira ou, ao menos, de centro directivo ou organismos que non interviñesen na súa xestión, realización ou dirección.

Neste sentido, a Intervención Xeral solicitará dos distintos ministerios, a través da correspondente subsecretaría, a designación dun ou de varios delegados aos cales se dirixirán as solicitudes de nomeamento dos funcionarios adscritos aos citados ministerios, centros ou organismos e que pertencen aos corpos do estado das especialidades que se consideren necesarias en función do tipo de comprobacións materiais que se vaia realizar e para cada unha das provincias en que se dispoña de persoal asesor das distintas especialidades.

As solicitudes aos distintos delegados realizaranse tendo en conta a natureza do investimento, o lugar da comprobación material e a representatividade dos medios de cada ministerio na especialidade e provincia requirida respecto do conxunto da Administración.

A realización do labor de asesoramento na intervención da comprobación do investimento polos funcionarios a que se refire este punto considerarase parte integrante das funcións do posto de traballo en que estean destinados, e os seus superiores xerárquicos deberán colaborar na adecuada prestación deste servizo.

4. Os órganos xestores deberán solicitar da Intervención Xeral a designación de representante para a súa asistencia potestativa á comprobación material do investimento, cando o seu importe sexa igual ou superior a 50.000 euros, con exclusión do imposto sobre o valor engadido ou imposto equivalente, cunha antelación de trinta días hábiles á data prevista para a terminación da prestación obxecto do contrato ou encarga, entendéndose por tal a data de entrega ou realización total do investimento. Se a solicitude se refire a recepcións que se deban efectuar fóra de España, o prazo será de corenta e cinco días hábiles.

Cando de conformidade cos documentos que rexan a execución do investimento, se prevexa a existencia de entregas parciais, os prazos anteriores contaránse tomando como referencia a data de recepción prevista para a primeira entrega ou prestación que se vaia executar. Neste suposto, tramitarase unha única solicitude comprensiva do importe total de investimento, isto é, o que derive da totalidade das entregas parciais previstas.

A solicitude de representante deberase axustar ao procedemento e modelo normalizado aprobado para tales efectos por resolución do interventor xeral da Administración do Estado e deberá ir acompañada da documentación que se estableza nela.

Efectuada, de ser o caso, a designación de representante da Intervención, os órganos xestores deberanlle remitir a documentación necesaria para a comprobación material do investimento con antelación suficiente para o seu adecuado estudo.

5. A intervención da comprobación material do investimento realizarase, en todo caso, concorrendo o representante da Intervención Xeral e, de ser o caso, o asesor designado, ao acto de comprobación do investimento de que se trate.

O asesor designado deberá verificar que os aspectos técnicos do investimento se axustan ás prescricións do contrato ou encarga, criterio en que se baseará a opinión do representante da Intervención sobre os ditos aspectos.

6. Cando se aprecien circunstancias que o aconsellen, o interventor xeral poderá acordar a realización de comprobacións materiais do investimento durante a execución da prestación ou servizo por solicitude do interventor delegado a quen corresponda a súa fiscalización ou intervención.

7. O resultado da comprobación material do investimento reflectirase en acta que será subscribida por todos os que concorran ao acto de comprobación do investimento, na cal se farán constar, de ser o caso, as deficiencias apreciadas, as medidas que se adoptarán para emendalas e os feitos e circunstancias relevantes do acto de comprobación. Nesa acta ou en informe ampliatorio poderán os concorrentes, de forma individual ou colectiva, expresar as opinións que coiden pertinentes.

O representante da Intervención remitirá un exemplar da acta e, de ser o caso, dos informes ampliatorios á Intervención Xeral polo procedemento que esta determine.

8. Nos casos en que a intervención da comprobación material do investimento non sexa preceptiva, ou non a acorde o interventor xeral en uso das facultades que se lle recoñecen, a comprobación do investimento xustificarse coa acta de conformidade asinada por aqueles que participaron nela ou cunha certificación expedida polo xefe do centro directivo, dependencia ou organismo a que corresponda recibir ou aceptar a prestación ou servizo, en que se expresará, co detalle necesario, a circunstancia de que se executou a prestación ou servizo consonte as condicións xerais e particulares que fosen previamente establecidas.

9. A omisión da intervención da comprobación material do investimento cando esta intervención fose acordada polo interventor xeral impedirá que se poida recoñecer a obriga, tramitar o pagamento ou intervir favorablemente as actuacións ata que se emende a dita omisión nos termos previstos polo artigo 156 da Lei xeral orzamentaria.

O mesmo efecto se producirá nos supostos en que, resultando preceptivo, o órgano xestor non realizase a solicitude de designación de representante da Intervención para a súa asistencia ao acto de comprobación material do investimento.

10. En desenvolvemento do disposto neste artigo, o interventor xeral da Administración do Estado poderá ditar as resolucións, circulares e instrucións que coide oportunas.»

Cinco. Inclúese un novo número 3 no artigo 31, coa seguinte redacción:

«3. Cando o pagamento material se instrumente mediante ordes de transferencia ao Banco de España ou entidades de crédito, xeradas por medios e procedementos informáticos, o sistema de información a través do cal se obteñan as citadas ordes e os procedementos de remisión electrónica deberá garantir en todo caso o exercicio das funcións de intervención previa nos termos previstos na Lei xeral orzamentaria e no seu desenvolvemento regulamentario. Cando as ordes de transferencia estean formalizadas en documento electrónico, a intervención previa poderase formalizar no mesmo documento electrónico que conteña as ordes de transferencias mediante a correspondente sinatura electrónica que realizará o interventor competente a través do portasinaturas corporativo da Intervención Xeral.

Malia o disposto no parágrafo anterior, cando o sistema de información a través do cal se obteña esta relación non sexa da propia Intervención Xeral, será obxecto de auditorías de seguridade para os efectos do exercicio da citada función interventora, con carácter previo á súa utilización e posteriormente, nos termos e na forma que estableza a Intervención Xeral. Cando do resultado da auditoría de seguridade se deduzan irregularidades, o interventor xeral concederá un prazo para a súa adaptación que, no caso de non ser atendido, suspenderá a utilización da aplicación para os efectos da xeración das correspondentes ordes de transferencias suxeitas ao exercicio da función interventora. Non obstante, o interventor xeral, á vista da natureza do defecto e das circunstancias concorrentes, poderá acordar a suspensión inmediata da utilización da aplicación para os efectos sinalados. Todo isto sen prexuízo das actuacións de revisión dos sistemas informáticos de xestión económico-financeira que se desenvolverán no ámbito do control financeiro permanente e da auditoría pública.

O anterior entenderase sen prexuízo dos procedementos de remisión electrónica das transferencias que poidan establecer o Banco de España ou as entidades de crédito.»

Seis. Inclúese unha nova disposición derradeira terceira, coa seguinte redacción:

«Terceira. *Habilitación normativa en materia de formatos de sinatura electrónica.*

Por resolución do interventor xeral da Administración do Estado poderán ser modificados os formatos de sinatura electrónica que derivan dos artigos 13 e 13 bis co fin de axustalos ás disposicións que en cada momento regulen a política de sinatura electrónica e de certificados da Administración xeral do Estado, así como ás normas relativas ao exercicio da función interventora.»

Disposición transitoria única. *Adecuación dos sistemas do número tres ás normas técnicas de interoperabilidade.*

A adecuación ás normas técnicas de interoperabilidade dos sistemas de información a que fai referencia o número tres do artigo único deste real decreto efectuarase no prazo de 24 meses desde a súa entrada en vigor.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 20 de febreiro de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Facenda e Administracións Públicas,
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO